



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 25 de novembro de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/12008

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Antropoloxía Social

Departamento: Humanidades

Centro: Facultade de Humanidades e Documentación

Tras analizar a documentación da praza 25/12008, as reclamacións presentadas por D. Diego Amoedo Martínez, D. Enrique Carretero Pasín, D^a Bibiana Martínez Álvarez, D^a Laura Sánchez Pérez, a Comisión de reclamacións acorda:

1. Estimar a reclamación presentada por D. Diego Amoedo Martínez sobre a valoración do punto I.2 Tese de doutoramento, por entender que a documentación achegada polo concursante permite establecer que a súa cualificación foi de sobresaliente. Por tanto, a Comisión de selección deberá valorar este mérito de acordo co indicado e, en aplicación da *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do persoal docente e investigador* (aprobada polo Consello de goberno na súa reunión de 7/11/2024), proceder a valorala de acordo co establecido no baremo recollido no anexo I, isto é, a multiplicar a puntuación acadada pola tese por 2,5 e aplicar o coeficiente de ponderación que proceda segundo a súa pertenza á especialidade de coñecemento da praza obxecto de concurso, á especialidade afín ou non afín.
2. En relación coa reclamación presentada por D. Enrique Carretero Pasín, solicitar da Comisión de selección a puntuación desagregada dos méritos alegados polo concursante no punto III.1 Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro) e igualmente solicitar que se proceda a rectificar a puntuación asignada ao proxecto de investigación CSO2010-17139 por entender que a puntuación asignada pola Comisión de selección na súa revisión (0,25) non coincide cos criterios aplicados (membro do equipo de investigación dun proxecto estatal en área afín).
3. Desestimar a reclamación presentada por D^a Bibiana Martínez Álvarez en relación aos méritos achegados na sección IV. Experiencia profesional e ratificar a valoración realizada pola Comisión de selección, por non estaren xustificadas conforme ao establecido no anexo I da *Normativa* citada.
4. Ratificar a revisión realizada pola Comisión de selección dos méritos alegados por D^a Laura Sánchez Pérez no punto III.7 Accións de transferencia e divulgación, que valora o asesoramento científico realizado nun documental e a organización dunha exposición científica e desestima o comisariado e a organización doutras dúas exposicións e un informe técnico por non estaren debidamente documentadas. Igualmente ratifícase a non valoración dos méritos alegados en IV. Experiencia profesional por non estaren documentados como establece o anexo I da *Normativa* citada.
5. En relación coa reclamación presentada por D^a Laura Sánchez Pérez sobre a valoración do DEA, e á vista do establecido no Baremo, non procede en ningún caso valorar este



mérito no punto I.1 Expediente académico (grao e mestrado, ou licenciatura) e tampouco en ningún dos puntos restantes do Baremo. En relación coa valoración dos méritos alegados polos concursantes no punto I.1, requírese da Comisión de selección que proceda a revisar a valoración dos expedientes académicos de todas as persoas concursantes para aterse unicamente ao recollido no anexo I da *Normativa*, isto é,

1. Expediente académico (grao e mestrado, ou licenciatura). *Puntuación máxima: 50 puntos*

Valorarase o expediente académico segundo a nota media calculada sobre 10. No caso de posuír unha licenciatura ou titulación equivalente, a nota media suporá o 100 % da puntuación nesta sección. No caso de posuír unha titulación de grao ou unha diplomatura, a nota media computará un 80 % da cualificación global e a de mestrado un 20 %.

A nota media multiplicarase por 5.

Por tanto, só procede valorar títulos de licenciatura, ou de grao máis mestrado, e ningún outro, e sempre nas porcentaxes precitadas.

6. Dar un prazo de 5 días a partir da publicación do presente acordo no TEO para que a Comisión de selección remita unha nova proposta de provisión e a correspondente folla de excel axustadas ao aquí recollido.
7. Facer público este acordo.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández